



Memoria xustificativa do convenio-tipo de colaboración entre a Xunta de Galicia- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e diversos concellos de Galicia para a reparación, restauración ou mitigación dos danos e efectos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro de 2017

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, emerxencias e interior, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía aos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

3. Finalidade

Para a reparación dos danos sufridos nos bens e dereitos de titularidade municipal afectados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma





de Galicia, tense previsto formalizar os instrumentos convencionais ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de novembro de 2018.

4. Obxecto do convenio

Os convenios teñen por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e os concellos para a execución dos proxectos que os propios concellos determinen, co fin de reparar, restaurar ou mitigar os danos sufridos nos bens e dereitos de titularidade municipal afectados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017, que veñan determinados na relación valorada elaborada conforme ao establecido no artigo 11 da Orde do 27 de outubro de 2017. Para os efectos destes convenios, consideraranse subvencionables aqueles proxectos que teñan por obxecto:

- a) Os gastos derivados das actuacións levadas a cabo para a extinción dos incendios e protección da seguridade das persoas e bens como consecuencia dos incendios.
- b) Os gastos derivados da reparación ou reposición dos bens de titularidade municipal prexudicados polos incendios.

O obxectivo común é recuperar o normal funcionamento das infraestruturas e servizos municipais danados polos incendios, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

5. Fundamentos do convenio

Durante o mes de outubro do ano 2017 unha vaga de incendios forestais ameazou o territorio da nosa comunidade autónoma, nunha situación de extrema dificultade derivada da combinación de altas temperaturas, unha seca prolongada, vento e incendiarios, que causaron graves danos en diversos bens de titularidade pública e privada.

Mediante o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, a Xunta de Galicia acordou a fixación de axudas destinadas á reparación dos danos ocasionados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 12 dese Decreto prevé a posibilidade de asinar convenios de colaboración con outras administracións públicas nos seguintes termos:

1. *A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia propiciará a subscrición co resto das administracións públicas e coas entidades colaboradoras dos convenios de colaboración que esixa a aplicación deste decreto con vistas ao cofinanciamento das actuacións.*
2. *No que atinxe ás axudas a entidades locais referidas no artigo 5.1.d) do presente decreto, e de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, as achegas da Xunta de Galicia articularanse a través de convenios de colaboración que establecerán o cofinanciamento das actuacións entre as administracións competentes, na porcentaxe que se fixe (...).*

O artigo 12 da Orde do 27 de outubro de 2017, mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, determina as regras a que se suxeitarán os convenios que se subscriban coas entidades locais, para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal.

Por outra banda, no proxecto orzamentario 2017 00114 existe un saldo de crédito, axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na reparación dos danos sufridos nos bens e dereitos de titularidade municipal afectados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.





Estas circunstancias converxen coa conxuntura descrita e co obxectivo da actuación para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos destes convenios, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, destina a cantidade máxima de 1.200.000,00 € dentro do proxecto orzamentario 2017 00114, achegando para cada convenio unha cantidade que pode acadar ata o 100% do orzamento total do proxecto (IVE incluído).

As aplicacións orzamentarias con cargo ás que se financiarán estes gastos será a 05.23.141A.461.2, dotada con 200.000,00 €, e a 05.23.141A.761.1, dotada con 1.000.000,00 €, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018, nas que existe crédito adecuado e suficiente.

Con base en todo o anterior

ACORDO

1. Iniciar os trámites en orde á tramitación dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e distintos concellos de Galicia para a execución de proxectos que teñen por obxecto a reparación, restauración ou mitigación dos danos sufridos nos bens e dereitos de titularidade municipal afectados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017, ao abeiro do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017 (DOG núm. 200, do 20 de outubro) e da Orde conxunta do 27 de outubro de 2017, mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro (DOG núm. 206, do 30 de outubro).
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e á Intervención Delegada.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández Tapias-Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

